

## **RESOLUCIÓN. Lista persoas admitidas selección Programa Aprot Rural.**

Exp. 521/2024. Visto que por Resolución da Alcaldía 348/2024, de data 25 de abril de 2024, procedeuse á aprobación das bases da convocatoria para a provisión de dúas prazas de peón, contratación laboral temporal, a xornada completa, durante un período de nove meses, para o desenvolvemento de traballos de rehabilitación de contornos e núcleos rurais no Concello de Cabanas, ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento de emprego no Medio Rural (Aprot Rural), vinculada ao expediente TR351G 2024/000011-1, así como solicitar oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego de Ferrol, a efecto de remisión de persoas candidatas para o devandito procesos selectivo.

Visto a remisión de candidatos do Servizo Público de Emprego de Ferrol, de data 6 de maio de 2024, na que e inclúen nove persoas para a provisión de dúas prazas de peón.

De conformidade cos antecedentes expostos e as atribucións que me confire o artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación concordante,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar a lista de persoas admitidas para a selección de dúas prazas de peón, ao abeiro do Programa Aprot Rural, remitida pola Oficina Pública de Emprego de Ferrol, sendo as que a continuación se relacionan:

<b>Apelidos e nome</b>
Alves Fernandes, Carlos Alberto
Fernández Maceiras, Flora
González-Llanos Rodríguez de Rivera, Luis Enrique
López López, Alberto
Martínez Díaz, Xoan Pedro
Montavez Sánchez, Miguel
Pena Seijas, Manuel
Vilar López, Fidel
Viqueira Vieites, José Ángel

**Segundo.** Publicar o contido da presente resolución na Sede Electrónica do Concello de Cabanas, así como dar traslado da mesma ás persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Ferrol.

**Terceiro.** Designar aos membros do Tribunal Cualificador do presente proceso selectivo, que estará formado polas seguintes persoas:

Presidenta: Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas

Secretaria: Susana Fernández Muiño, funcionaria do Concello de Cabanas.

Vogais: Juan Carlos Anca Santos, funcionario de carreira do Concello de Cabanas

Adela Méndez López, funcionaria de carreira do Concello de Cabanas



María José López Venancio, funcionaria do Concello de Cabanas

**Cuarto.** Convocar ao membros do Tribunal Cualificador para a súa constitución e determinación do contido da proba da fase de oposición, para o día 15 de maio de 2024, ás 09:00 horas, na Casa do Concello de Cabanas.

**Quinto. Convocar ás persoas aspirantes admitidas para a realización da proba tipo test, para o día 15 de maio de 2024, ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Cabanas.**

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).

